



PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO PARA A PROVISIÓN, EN PROPIEDAD, DE DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A PARA PRESTAR SERVIZO NO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO PRIMEIRO EXAME TIPO TEST

O Tribunal encargado de xulgar o mencionado proceso de selección, á vista das reclamacións presentadas á primeira proba (exame tipo test) , unha vez examinados os escritos presentados ACORDA:

- En relación ao escrito presentado polo candidato D. Miguel Rodriguez Cabañas, o tribunal estima a solicitude formulada, citando ao aspirante para a revisión presencial do seu exame.
- En relación coas alegacións formuladas polo candidato D. Angel Manuel González Rojo, por medio das que solicita a anulación das preguntas nº 29 e nº39, o tribunal entende que non procede estimar as alegacións formuladas polo recorrente.

Sobre a pregunta nº29 entende o tribunal que se ben a Lei 7/1985 de Bases de réxime local non aparece como tal dentro do temario común nin tampouco no específico, dentro do concepto amplo que engloba o tema 8 estaría incluída a elaboración das ordenanzas municipais, e por tanto a pregunta estaría correctamente formulada.

Respecto da pregunta nº39, e atendendo a literalidade do art. 30 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a única resposta correcta sería a d).

En Lugo, a data da sinatura dixital

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

Asdo. José Domingo Rodriguez Ferreira

	IV7FQAAY2BGN7X75BUEACNACCI	Fecha y Hora	24/09/2021 14:47:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FQAAY2BGN7X75BUEACNACCI	Página	1/1	